

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín (presidente)
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Bravo Bosch, María José (secretaria)
Cuevas Alonso, Miguel
García González, Silvia
Lima González, Estela
López Escobar, Juan José
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mércores, **22 de xaneiro de 2025**, ás 12:00 h. en primeira convocatoria e ás 12:15 h. en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **22 de xaneiro de 2025** ás 9:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 22 de novembro de 2024.

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta ao non haber ningunha corrección á mesma.

Apróbase por asentimento.

2. Toma en consideración, se procede, do escrito presentado por José Carlos López Ardao.

Acórdase non aprobar a petición formulada por José Carlos López Ardao de corrixir a interpretación do artigo 61.2 do Regulamento Electoral, de acordo co informe emitido pola Asesoría Xurídica ao respecto.

Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PTXAS (artigo 53.1 do REX).

A comisión considera procedente facer a convocatoria de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PTXAS.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do cadro co nº de representantes de cada sector que corresponden a cada Departamento.

O cadro co número de representantes de cada sector correspondentes a cada Departamento, considérase correcto.

Apróbase por asentimento.

5. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral dos modelos de candidatura, da acta de constitución das mesas electorais e das actas de escrutinio.

Os membros da Comisión Electoral estiman conveniente delegar na Secretaría Xeral os modelos de candidatura, a acta de constitución das mesas electorais e as actas de escrutinio.

Apróbase por asentimento.

6. Outros asuntos de interese.

Hai 9 estudantes matriculados no Máster de Biofabricación, e as materias nas que están matriculados están asignados aos departamentos C03, T03, e T08.

Unha posibilidade é asignarlle o centro no que está situado a dirección de cada Departamento: C03, T03, ou T08.

Chégase ao acordo de que poidan votar na Escola de Enxeñaría Industrial, Campus de Vigo, no T03.

Apróbase por asentimento.

7. Quenda de Intervencións.

Juan José López Escobar fala do censo de PTXAS. Agora mesmo contéplase a nomenclatura da LOSU do PTXAS, pero non se aplica a LOSU á figura dalgúns traballadores da Universidade de Vigo. De feito, hai un colectivo adscrito ao PDI-B, que polas súas funcións como persoal técnico de apoio, debería entrar dentro da LOSU no Persoal Técnico e de Xestión. Ademais, na LOSU, artigo 89.4, recóllese o seguinte enunciado: “4. Las universidades podrán contratar otro personal con cargo a financiación externa o financiación procedente de convocatorias de ayudas públicas en concurrencia competitiva en su totalidad para la gestión científico-técnica rigiéndose por lo previsto en el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores y en el artículo 23 bis de la Ley 14/2011, de 1 de junio”.

A LOSU contempla que haxa PTXAS laboral contratado en axudas públicas en concorrencia competitiva, como fan na UCPI. O que quere López Escobar é que se teña en consideración este feito para a elaboración dos censos, e que a Universidade tome unha decisión con respecto a adscrición dese colectivo ao PTXAS. Cre que debería estudarse, é o momento para telo en consideración.

O reitor comenta que lle parece moi ben a proposta, hai que estudalo con detalle polas implicacións xurídicas que ten o tema. O colectivo do que fala o reitor ten que encontrar o seu acomodo. Comenta que espera que o mes que ven poida haber un estudo para ver como podería encaixar ese persoal.

López Escobar aclara que non reclama dereitos sindicais, senón como colectivo, cre que é de xustiza, polo dito anteriormente, e que debería terse en consideración.

O reitor agradece o traballo que está a facer a Secretaría Xeral para as vindeiras eleccións, sobre todo á coordinadora da Secretaría Xeral, polo esforzo e dedicación.

Non hai rogos nin preguntas.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 h., do que eu, como secretaria da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral